



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP SAN FRANCISCO JAVIER
Código do centro 15025025

Ronda de Outeiro 72 15009 A Coruña

881 960 980

881 960 987

ceip.sanfrancisco@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsanfrancisco/>



CIRCULAR FIN DE CURSO

Estimadas familias:

Ante a proximidade do fin de curso 2020/2021 queremos informar das seguintes cuestións:

1. Asistencia do alumnado e entrega de cualificacións

O alumnado asistirá ao Colexio ata o **próximo día 22, inclusive**, en horario habitual de 09:00 a 14:00 horas. Os **informes ás familias** coas cualificacións finais entregaranse o **día 22 de Xuño** ao final da sesión lectiva e publicaranse en abalarmóbil.

2. Entrevistas de pais/nais co profesorado

Os pais/nais/titores legais que consideren ter unha entrevista de final de curso co profesorado do Centro, poderán facelo o día 23 de Xuño :

- **4º, 5º e 6º de EDUCACIÓN INFANTIL de 10:00 a 12:00 horas.**
- **1º e 2º de EDUCACIÓN PRIMARIA de 10:00 a 12:00 horas.**
- **3º, 4º, 5º e 6º de EDUCACIÓN PRIMARIA de 12:30 a 14:00 horas.**

Despois de dito día, **só se recibirán visitas que estean plenamente xustificadas e con previa petición de hora.**

Dacordo coa **Orde do 09 de xuño de 2016** pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade

Autónoma de Galicia, **as nais e pais do alumnado de 6º curso** deberán acudir ao Centro, **o día 28 de xuño de 12:00 a**

14:00 h de acordo co horario facilitado polo titor-a, para retirar o **Historial Académico** dos seus fillos/as, asinando o recibín correspondente. Caso de non poder asistir nese día, poderán retirar ditos documentos, con posterioridade na Secretaría do Centro.

3. Libros de texto

A listaxe **de libros de texto** para o curso escolar 2021-22 está exposta no taboleiro de anuncios do Centro e publicadoa na páxina web.

Respecto ao programas **de libros e materiais escolares**, recordar que deberemos estar ao disposto na **ORDE** do 6 de maio de 2021 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria (DOG 20 de maio de 2021). **As familias do alumnado de 2º de EP** poderán solicitar ditas axudas para o próximo curso de acordo ó disposto na Orde anterior.

A información relativa a **[Axuda fondo solidario de libros de texto e material escolar curso 2021/22, así como os prazos está publicada na web do centro.](#)**

IMPORTANTE: Lémbrese a todas as familias que será requisito imprescindible devolver os libros de texto recibidos do fondo solidario no curso 2020/21. Art.5º

Seguindo as instrucións remitidas, procederemos a recoller os libros e materiais prestados ás familias ao inicio do presente curso o **17 e 18 de xuño. Repararase especialmente en que se devolvan en bo estado.**

4. Comedor Escolar e Programa de Madrugaes

No próximo curso seguirán a funcionar os servizos de Comedor Escolar e o Programa Madrugaes, ámbolos dous ao cargo da [ANPA a Cubela](#) . Para coñecer os prazos de solicitudes deberán dirixirse a ANPA.

5. Comezo do próximo curso escolar

As clases darán comezo o 9 de setembro de 2021 de acordo ca [Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.](#)

A información será publicada na web do centro. O Colexio estará aberto a efectos administrativos a partir do día 1 de setembro.

O alumnado de educación infantil de tres anos incorporárase segundo o período de adaptación que se publicará na web do centro en setembro.

Os membros do Claustro de Profesorado e Consello Escolar aproveitan este final de curso para agradecer ás familias a colaboración no desenvolvemento do curso escolar 2020-2021 e despiden especialmente ao alumnado de 6º curso que promociona cara o Instituto no vindeiro curso.

Reciban un cordial e afectuoso saúdo.

A Coruña, 15 de xuño de 2021

A DIRECCIÓN DO CENTRO